



CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Vista a Resolución da Alcaldía 442/2021 de 7 de xullo de 2021, pola que se prestaba aprobación ás bases reguladoras do proceso, polo sistema de concurso-oposición, para o nomeamento de persoal funcionario interino: unha praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Alfoz, e posterior formación de bolsa de traballo, así como a súa convocatoria.

Publicado anuncio no Taboleiro de Anuncios da Corporación da Casa consistorial, na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 159, correspondente ao mércores 14 de xullo de 2021.

Vista a Resolución da Alcaldía 52972021, pola que se aproba a lista provisional de admitidos, publicada no Boletín Oficial da Provincia n.º 185, de data 13 de agosto de 2021, e transcorrido o prazo para emendas ou reclamación non se rexistra ningunha.

En data 26 de agosto de 2021 pola Alcaldía ditouse Resolución de acordo coas bases reguladoras do proceso, co seguinte contido no apartado dispositivo:

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

	APELIDOS	NOME	DNI/Documento	Nº ENTRADA
1	ABELLEIRA SANCHEZ	PATRICIA	***4688**	278
2	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	DIEGO	***2876**	280
3	ANIDO PUENTE	ANA	***7809**	284
4	HERMIDA VARELA	DIEGO	***3763**	286
5	MARTINEZ CASTRO	XAIME	***0567**	294
6	TEIJEIRO CAMPO	MARIA ELENA	***3743**	1058

EXCLUÍDOS: Ningún.

SEGUNDO. Designar como membros do Tribunal que debe vulgar as correspondentes probas a :

PRESIDENTE:

- **TITULAR:** Mónica Marras Mosquera, funcionaria de carreira, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo.
- **SUPLENTE:** Pablo Rodríguez Fernández, funcionario de carreira, arquitecto no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

PRIMEIRO VOGAL:

- **TITULAR:** Pablo Dorado Lanza, funcionario de carreira, arquitecto técnico do Concello de O Valadouro.
- **SUPLENTE:** Julio González Casanova, funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter

Nacional, Secretario- Interventor do Concello de Friol.

SEGUNDO VOGAL:

- **TITULAR:** Regina Blanco Martínez, funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Secretaria- Interventora do Concello de O Valadouro.
- **SUPLENTE:** Rosa María Buján Ordóñez, funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Secretaria- Interventora do Concello de Curtis.

TERCEIRO VOGAL:

- **TITULAR:** Francisco Manuel Moreda Gil, funcionario de carreira, arquitecto do Concello de Ribadeo.
- **SUPLENTE:** Rafael Marful López, funcionario de carreira, arquitecto técnico do Concello de Foz.

SECRETARIA:

- **TITULAR:** María Sofía Sanmartín Novoa, funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Secretaria- Interventora do Concello de Alfoz.
- **SUPLENTE:** María Pilar Fernández Rey, funcionaria de carreira, Técnico de Xestión do Concello de Alfoz, (Licenciada).

TERCEIRO. A realización do primeiro exercicio comezará o día 17 de setembro de 2021, ás 10,00 horas, na Biblioteca Pública Municipal de Alfoz, sita na Casa da Cultura Municipal, debendo portar os aspirantes a documentación identificativa e o Anexo II.

CUARTO. Publicar na sede electrónica deste Concello, no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o presente acordo.

Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe dos aspirantes aprobados en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na sede electrónica municipal.

Alfoz, 26 de agosto de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2548

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 24/08/2021 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **4º bimestre do 2021**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/09/2021 e 31/10/2021 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/09/2021. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, agosto de 2021.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2549

BURELA

Anuncio

Expte.- 687/2021 Aprobación definitiva da ordenanza municipal de regulación de valados de parcelas, valados vexetais e plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais

O Pleno do Concello de Burela, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de agosto do 2021, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da ORDENANZA MUNICIPAL DE REGULACIÓN DE VALADOS DE PARCELAS, VALADOS VEXETAIS E PLANTACIÓN DE SEBES, ARBUSTOS E ÁRBORES ORNAMENTAIS unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o que se fai público para o seu xeneral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data 08 de abril de 2021 a ORDENANZA MUNICIPAL DE REGULACIÓN DE VALADOS DE PARCELAS, VALADOS VEXETAIS E PLANTACIÓN DE SEBES, ARBUSTOS E ÁRBORES ORNAMENTAIS, o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 103 de 08/05/2021

Dada conta da alegación presentada en tempo e forma, así como do informe de Secretaría de data 29 de xullo de 2021, O Pleno do Concello de Burela **ACORDA**

PRIMEIRO.- Proceder á inadmisión a alegación con rexistro de entrada 2021-E-RE-849 de data 4 de xuño de 2021 presentada por Yovana Oroza con DNI ***8110** como Vicevoceira do Grupo Municipal Popular por ausencia de lexitimación.

SEGUNDO.- Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final da Ordenanza municipal de regulación de valados de parcelas, valados vexetais e plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais co seguinte teor literal:

ORDENANZA MUNICIPAL DE REGULACIÓN DE VALADOS DE PARCELAS, VALADOS VEXETAIS E PLANTACIÓN DE SEBES, ARBUSTOS E ÁRBORES ORNAMENTAIS

O artigo 24 da Ordenanza Municipal de Limpeza do Concello de Burela (BOP nº 280, do 05/12/2015) establece que *«(...) os propietarios de soares ou terreos que linden coa vía pública deberán valalos con cerramentos situados na aliñación oficial, construídos con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, e respectando en canto a estas condicións e a súa altura a normativa urbanística do Concello».*

O Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente no municipio de Burela foi aprobado o 31/03/2014 (BOP nº 86, do 14/04/2014). A súa regulación sobre valados é escasa e non satisface as necesidades veciñais.

Por outro lado, é preciso dotar de criterios de integración paisaxística para que a construción de novos valados e as posibles accións de mellora sobre os existentes se realicen de forma coherente coa paisaxe na que se insiren.

O principio de seguridade xurídica e a actuación preventiva na actuación de disciplina urbanística aconsellan a elaboración de criterio interpretativo que solucione as discrepancias detectadas entre os axentes que interveñen na edificación e os técnicos municipais. Os artigos 4.1 apartado j da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia e 5.1 apartado j do Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenrola, dispoñen que, en relación ao ámbito da competencia urbanística relativa ao planeamento e a súa execución, faculta a *«orientar a composición arquitectónica das edificacións e regular, nos casos nos que fora necesario, as súas características estéticas».* Logo de avaliar esta facultade considerouse adecuado o desenrolo da determinación do PXOM por Ordenanza.

Para o estudo desta ordenanza tívose en conta as consideracións establecidas na Guía de caracterización e integración paisaxística de valados, realizada polo Instituto de Estudos do Territorio.

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza dítase en virtude das facultades outorgadas no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigos 4.1 da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia e 5.1 do Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenrola, para regular a execución de valados de parcela, tanto de obra como vexetais nos aspectos estético e de seguridade e salubridade.

Artigo 2. Aliñacións e rasantes

1. Previa obtención de título habilitante deberá dispoñerse do sinalamento de aliñacións e rasantes, descrito no artigo 36 de PXOM. Este trámite é independente e non prexulgará en modo algún a aliñación oficial para edificación, polo que o propietario non se amparará nela para a edificación do solar.
2. Están exentos de asentarse na aliñación as actuacións de conservación a realizar sobre valados tradicionais existentes.
3. Non se pode executar o valado na beirarrúa, salvo os valados provisionais de obra.

Artigo 3. Definicións

Integración paisaxística: conxunto de accións que, partindo da comprensión dun lugar, conforman o proxecto e permiten diminuír o impacto paisaxístico deste e conseguir a súa integración harmónica.

Valado opaco: é aquel valado de obra, en materiais ríxidos (pedra, formigón, bloque...). A altura máxima deste valado non poderá sobrepasar, en ningún caso, 1,50m.

Valado diáfano: é aquel valado realizado con materiais que determinen unha superficie calada, transparente ou translúcida do 50% da superficie total, conseguida proxectando a visual nun ángulo menor ou igual a 45 graos con respecto á perpendicular do valado.

Valado vexetal: é aquel valado realizado con árbores ou arbustos.

Valado tradicional: é aquel valado de obra realizado con materiais que se atopaban na contorna e coa tecnoloxía existente naquel momento. Adoitan ser de cachotería colocada “á oso” ou con morteiros feitos con barro ou misturas de conglomerantes como cal.

Valado provisional: é aquel valado executado mediante postes metálicos, de madeira ou de formigón con malla metálica de altura máxima 1,50m, con ou sen cimentación illada.

Valado provisional de obra: é aquel valado que delimita unha obra en curso, mediante postes e paneis de malla, paneis metálicos ou de madeira, dunha altura de 2,00m. Este peche nunca poderá ter a consideración de definitivo.

Artigo 4. Condicións xerais.


1. Elixirase preferentemente unha tipoloxía tradicional ou, no seu defecto, dunha facilmente integrable, quedando prohibido os materiais e acabados que falseen ou imiten outros materiais.

Recoméndase optar polas tipoloxías vexetais polos seus efectos positivos sobre a conectividade ecolóxica e sobre os valores estéticos.

Recoméndase solucións que permitan unha maior permeabilidade visual e ecolóxica.

2. Salvo disposición que estableza alturas menores, a altura da parte opaca nunca sobrepasará 1,50m, podendo establecer unha parte diáfana sobre a mesma sen sobrepasar 1,50, 2,00 ou 2,50 m de altura máxima do seu conxunto, segundo o artigo desta ordenanza urbanística de aplicación. En calquera caso, a altura mínima será de 1,00m.

Cando a rasante natural do terreo dispoña dunha altura inferior á rasante da rúa realizarase o valado dende a rasante natural ata a altura de referencia.



As alturas máximas poderán, excepcionalmente, sobrepasarse nas situacións que a propia actividade así o requira, e previamente xustificadas.

3. En ningún caso, o valado, a vexetación nin os accesos ás propiedades interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias, dispoñendo entubamentos, nos puntos de paso, con lonxitude non superior a 6,00 m por acceso, cunha sección non inferior á que se aprecie na canle ou gabia para a escorrentía de evacuación.

Artigo 5. Materiais e acabados.

1. Elixiranse preferentemente materiais propios da contorna. En caso contrario, evitanse as cores brillantes, as texturas pulidas, así como os acabados artificiosos, imitacións e que non garden relación co medio.

2. O acabado material da parte opaca debe ter as mesmas exixencias que os materiais de fachada, é dicir, deben ser materiais ou acabados válidos para quedar vistos.

De acordo co anterior, os acabados en peches de bloque de formigón deberán revestirse e pintarse. Os revestimentos non serán agresivos ao tacto ou abrasivos.

Serán aceptados os seguintes materiais: fábrica ou chapados en pedra, acabados en formigón para quedar vistos (abuxardados, pulidos, executados con encofrados lisos, ...), enfoscados e pintados, morteiros monocapa, madeiras tratadas para exterior, paneis metálicos lacados, paneis metálicos de aceiro corten, vidros de seguridade,...

Non se admitirán o bloque “cara vista” e as solucións prefabricadas serán lisas, sen acabados que falseen ou imiten outros materiais.


3. Estará prohibido o remate de valados con elementos punzantes ou cortantes que poidan supoñer un perigo para as persoas e animais (vidro, arame de espiños, etc.).

4. Non se admitirán apaños nin materiais de refugallo.

5. As especies vexetais empregadas deberán ser especies autóctonas. De tratarse de especies de árbores ou arbustos de certo porte deberán cumprir as condicións de medianeira sinaladas no Código Civil ou recuarse na forma que se expresa no devandito Código.

CAPÍTULO 2. DISPOSICIÓNS XERAIS SEGUNDO A NATUREZA DO TERREO

Artigo 6. Valado de solares, vacantes de edificación.



1. O valado de solares realizarase na aliñación, salvo que o PXOM establecese outra posición recuada.

2. De forma xeral, o valado será dunha altura mínima de 1,00m e unha altura máxima de 1,50m medido dende a rasante da rúa. Cara os lindeiros dita altura medirase dende a rasante do terreo.

Nas rúas en pendente de ata un máximo do 10%, o valado executarase por tramos de lonxitude máxima 5,00m, medindo a altura no centro de cada tramo. Para pendentes superiores, o valado dividirase en tramos que en ningún punto superen 1,75 m de altura.

Quedan eximidos de valarse aqueles solares cuxa rasante natural do terreo nos primeiros 0,50m distantes da aliñación acaden unha altura maior ou igual a 1,00m.

3. Preferentemente o valado realizarase en pedra, fábrica de bloque de formigón ou ladrillo enfoscado e pintado, formigón ou paneis prefabricados.

4. Poderá combinarse a parte opaca cunha parte diáfana onde a altura mínima da parte opaca sexa 0,50m e altura máxima do valado, no seu conxunto, non sobrepase 1,50m.

5. Na zona de O Cantiño están prohibidos os valados opacos, podendo pechase exclusivamente con peche diáfano cunha altura máxima de 1,50m.

6. Na Ordenanza 5 do PXOM os valados poderán acadar a altura de 2,50 m, onde a parte opaca non poderá sobrepasar 1,5 m. Na zona do Perdouro serán exclusivamente diáfanos, podendo usar tamén valados vexetais.


7. Deberá colocarse unha porta de acceso que permita as operacións de limpeza e retirada de posibles refugallos. Esta poderá ser compartida para varias parcelas lindeiras. Non se admitirán cordas, cadeas ou similares en substitución da porta.

8. Poderán incluírse valados vexetais, complementarios dos de obra. Manteranse os valados vexetais existentes de certo porte.

Exemplos de valados en solares vacantes de edificación

Artigo 7. Valado de solares, con edificación.

1. O valado de solares realizarase na aliñación, salvo que o PXOM establecese outra posición recuada.
2. De forma xeral, o valado será dunha altura mínima de 1,00m e unha altura máxima de 1,50m medido dende a rasante da rúa. Cara os lindeiros dita altura medirase dende a rasante do terreo.
3. Preferentemente o valado realizarase en pedra, fábrica de bloque de formigón ou ladrillo enfuscado e pintado, formigón ou paneis prefabricados.
4. Poderá combinarse a parte opaca cunha parte diáfana onde a parte opaca teña unha altura mínima de 0,50m e altura máxima de 1,50m, podendo completarse con parte diáfana ata os 2,00m.




5. Na zona de O Cantiño están prohibidos os valados opacos, podendo pechase exclusivamente con peche diáfano cunha altura máxima de 1,50m.
6. Na Ordenanza 5 do PXOM os valados poderán acadar a altura de 2,50 m, onde a parte opaca non poderá sobrepasar 1,5 m. Na zona do Perdouro serán exclusivamente diáfanos, podendo usar tamén valados vexetais.
7. Deberá colocarse unha porta de acceso que permita as operacións de limpeza e retirada de posibles refugallos. Esta poderá ser compartida para varias parcelas lindeiras. Non se admitirán cordas, cadeas ou similares en substitución da porta.
8. Poderán incluírse valados vexetais, complementarios dos de obra. Manteranse os valados vexetais existentes de certo porte.

Exemplos de valados en solares edificados

Artigo 8. Valado das restantes parcelas que non sexan solo rústico.

1. O valado de parcelas será con valado provisional e realizarase no linde da parcela ou na aliñación, no caso de estar executada ou delimitada a beirarrúa.
- Aqueles valados non asentados na aliñación oficial deberán renunciar expresamente ao seu valor.
2. De forma xeral, o valado será de 1,50m de altura medido dende a rasante da rúa. Cara os lindeiros dita altura medirase dende a rasante do terreo.
3. O valado realizarase mediante postes metálicos, de madeira ou de formigón con malla metálica ou arames de altura máxima 1,50m, con ou sen cimentación illada. Non se admitirá cimentación naqueles valados que non estean asentados na aliñación.
4. Na zona de O Cantiño están prohibidos os valados opacos, podendo pechase exclusivamente con peche diáfano cunha altura máxima de 1,50m.
5. Deberá colocarse unha porta de acceso que permita as operacións de limpeza e retirada de posibles refugallos. Esta poderá ser compartida para varias parcelas lindeiras. Non se admitirán cordas, cadeas ou similares en substitución da porta.
6. Poderán incluírse valados vexetais, complementarios dos de obra. Manteranse os valados vexetais existentes de certo porte.



MALLA METÁLICA

Artigo 9. Valado das parcelas en solo rústico.

1. O valado de parcelas será conforme ao establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, ou norma que a substitúa, establecéndose preferencia polos valados diáfanos e vexetais.
2. Prohibense os valados nos primeiros 20m da zona de servidume de protección de costas.
3. As súas condicións e alturas estarán suxeitas a normativa sectorial que puidera resultar de aplicación.

Artigo 10. Valado provisionais de obra.

1. Toda obra en curso deberá delimitarse o seu perímetro mediante un valado provisional de obra, mediante postes e paneis de malla, paneis metálicos ou de madeira, dunha altura de 2,00m., que impida o acceso a persoas alleas á obra.
2. Poderán invadir a aliñación oficial, previa autorización municipal expresa. Neste caso, deberá prever un paso de 1,50m de largo, seguro e ao mesmo nivel para os peóns, diferenciado da calzada.

Disposición Adicional.

En todo o non disposto na presente ordenanza estarase ao regulado no Plan Básico Autonómico e a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados, ou norma ou documentos que os substitúan.

Disposición Transitoria

Respectaranse os peches existentes mentres conserven as condicións de seguridade e estabilidade, debendo adaptarse no momento no cal se proceda á súa ampliación ou reconstrución.

Aqueles peches executados con materiais non aptos para ser vistos deberán axustarse ao previsto no artigo 5 no prazo dun ano dende a aprobación definitiva desta Ordenanza, para a súa adecuada integración na paisaxe, independentemente de que non cumpran os restantes parámetros definidos no PXOM ou esta Ordenanza.

TERCEIRO.- Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal de regulación de valados de parcelas, valados vexetais e plantación de sebes no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, 26 de agosto de 2021.- A Alcaldesa P.D., M^a del Carmen López Moreno.

R. 2550

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 11 de agosto de 2021, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Segundo Bimestre do exercicio 2021, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 12 de agosto de 2021.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 2552

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de agosto de 2021 adoptou o acordo 8/534 **ADXUDICACIÓN PARCIAL CONCURSO XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS XEFE DE SERVIZO**, o cal fora convocado polo Decreto 7324/2020 de 19/11/2020 rexendose polas bases aprobadas por acordo nº 16/338 adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 29/07/2020 modificadas por acordos 15/480 de 7/10/2020, 25/524 de 21/10/2020 e 4/620 de 2/12/2020 da Xunta de Goberno Local, sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do teor literal seguinte:

PRIMERO.- Resolver parcialmente o concurso convocado para a provisión de postos de ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN, adxudicando definitivamente os postos da seguinte forma:

POSTO	CODIGO	ADXUDICATARIO/A	DNI
Xefe/a de Sección de Actas do Secretaría Xeral	02/18/1	José Chavarría Chao	xxx4284xx
Xefe/a de Sección de Administración Municipal de Secretaría Xeral	02/18/2	Carolina Alvarez López	xxx0307xx
Xefe/a de Sección de Patrimonio do Servizo de Contratación e Patrimonio	04/18	Jesús Gandoy Cerceda	xxx0938xx
Xefe/a de Sección de Organización RRHH do Servizo de Persoal	06/18	Deserto	-----
Xefe/a de Sección de Mobilidade Urbana e Sancións	12/18	María Isabel Varela López	xxx2319xx
Xefe/a de Sección de Medio Rural	32/18	Marcos López Fernández	xxx3548xx
Xefe/a de Sección do Órgano de Orzamentación e Contabilidade	64/18	María Carmen Rozas Bello	xxx5101xx
Xefe/a de Sección de Control Financeiro	61/18/2	Deserto	-----

Adxunto de Servizo de Facenda Local	65/221	Pedro Fernández Agusti	xxx2204xx
Adxunto de Servizo de Enxeñería	3102/221	Marta Carballal Neira	xxx3981xx
Adxunto/a de Servizo de Arquitectura	23/221	José Angel Riva Cabanas	xxx9592xx
Xefe/a de Sección de Oficina de Inspección de Actividades	2301/18	Belén Santiago Vázquez	xxx3089xx
Xefe/a de Sección do Servizo de Cultura, turismo e Promoción da Lingua	51/18	Carmen María Fernández López	xxx4448xx
Xefe/a de Sección da Casa da Xuventude	5101/18	María José Pena Lage	xxx5721xx
Xefe/a de Sección de Participación Cidadá e Mercados Locais	7203/18	Rosa Rodríguez Rodríguez	xxx2721xx

SEGUNDO.- Cesar aos adxudicatarios nos seus actuais postos de traballo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Contra a presenta resolución podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Lugo, 26 de agosto de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 2553

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMIENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS E CANON AUGA XULLO-AGOSTO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Resolución de Alcaldía do día 23.08.2021 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do cuarto bimestre 2021 (XULLO-AGOSTO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 02.09.2021 ata o 02.11.2021.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación,ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web *www.aqualia.es*.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 24 de agosto de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 2554

PORTOMARÍN

Anuncio

Conta xeral orzamentaria correspondente ao exercicio de 2.020.

Rendida a conta xeral para o exercicio de 2.020 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 26 de agosto de 2.021, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican exponse ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Portomarín, 26 de agosto de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2555